



**CONCELLO DE MOECHE
(A CORUÑA)**

BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO, (MEDIA XORNADA) PEON-OPERARIO INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE MOECHE PARA O ANO 2010

- 1.- **Clasificación das prazas.**- Persoal laboral fixo . Denominación: Peon -operario (media xornada)
2. **Número de prazas que se convocan.**- 1
3. **Dotación económica.**- As fixadas no Orzamento municipal
4. **Sistema de provisión.**- Concurso- Oposición
5. **Titulación esixida.**- Estar en posesión do título certificado de escolaridade ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes da data en que remate o prazo de solicitudes
6. **Dereitos de exame:** Serán de 10 €
8. **Composición do Tribunal.**- A establecida na Base Quinta da convocatoria unitaria.
9. **Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación**
O procedemento de selección constará de 2 fases 1 de concurso e outra de oposicion:
 - 9.1.- FASE DE CONCURSO.
O concurso versará sobre a valoración dos seguintes méritos:
 - 9.1.1.-Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos que se valorará da seguinte forma:
 - Por servizos prestados na administración local, en posto de igual ou similar natureza: 0,20 puntos por cada mes completo de servizos prestados.
 - Por servizos prestados en calquera outra administración ou entidade pública en posto de igual ou similar natureza: 0,10 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

A estes efectos non se computarán os servizos que prestara simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.



CONCELLO DE MOECHE (A CORUÑA)

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da administración ou mediante a presentación dos contratos de traballo xunto co informe de vida laboral.

9.1.2.- Permisos de conducir e outros, ata un máximo de 3 puntos que se valorará da seguinte forma:

- Por estar en posesión dos carnés de conducir, categorías B e BE: 0,5 puntos
- Por estar en posesión dos carnes de conducir, categorías C, C1E e CE 1 punto.
- Por estar en posesión do carné de conducir, categorías D, D1, D1E e DE: 1,5 puntos.
- Por estar en posesión do carné de manipulador de produtos fitosanitarios, nivel básico ou superior: 0,5 puntos.

9.1.3 Titulacións académicas, ata un máximo de 2 puntos, que se valorará na seguinte forma

- Por estar en posesión dun título de Formación Profesional Específica, de grao medio nalgunha das especialidades comprendidas nas familias formativas de Actividades Agrarias, Edificación e obra civil, .- 0,5 punto pola primeira titulación e 0, 25 puntos por cada título mais
- Por estar en posesión dun título de Formación Profesional Específica, de grao superior, nalgunha das especialidades comprendidas nas familias formativas de Actividades Agrarias ou Edificación e obra civil.- 1 punto pola primeira titulación e 0,50 por cada título mais
- No caso de ter o título medio e superior da mesma especialidade só se puntuará o superior.

Para a acreditación dos méritos da fase de concurso será necesario presentar os títulos ou certificacións correspondentes ou copia cotexada das mesmas.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso servira para a superación da fase de oposición.

9.2.- FASE DE OPOSICIÓN.

Constará dos seguintes exercicios que terán carácter obrigatorio e serán eliminatorios:

Primeiro exercicio.– Obrigatorio e eliminatorio.- Consistirá en contestar, no período máximo dunha hora, a un cuestionario de 40 preguntas tipo “test” relacionadas co contido do programa que figura no Anexo da presente convocatoria. O tribunal cualificará este exercicio



**CONCELLO DE MOECHE
(A CORUÑA)**

de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo 5 puntos para superalo. A cada resposta correcta asignánselle 0,25 e por cada resposta incorrecta restaráselle 0,05 puntos

- **Segundo exercicio.**- Obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en resolver un suposto práctico ou realizar as tarefas que proporá o tribunal, relacionadas coas materias propias do oficio da praza que se convoca no prazo que estableza o tribunal en función da natureza da proba.

O tribunal cualificará este exercicio de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de 5 puntos para superala. O tribunal valorará neste exercicio os coñecementos prácticos e a capacidade de traballo dos aspirantes.

Terceiro exercicio.-Consistirá en traducir nun texto facilitado polo tribunal, sen axuda de dicionario, do castelán a galego. Esta proba terá unha duración de 30 minutos e cualificarase de “apto” ou “non apto”.

Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten a súa capacidade mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de lingua galega Celga 3, ou equivalente expedido polo organismo oficial competente, no prazo de presentación de instancias.

10.- Cualificación.-

A cualificación da fase de oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios, sendo preciso superalos todos para aprobar.

A cualificación definitiva do concurso-oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición e a puntuación resultante da fase de concurso.

Na resolución do concurso-oposición o tribunal rexerase polo establecido nesta convocatoria específica. De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal proporá a contratación como persoal laboral fixo do aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas no concurso e na oposición obtivera a maior puntuación.

O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. En caso de empate situarase en primeiro lugar o aspirante que obtivese a maior puntuación no primeiro exercicio. Se persiste o empate seguirá o aspirante que obtivese maior puntuación no segundo exercicio e finalmente o que obtivera maior puntuación na fase de concurso.



**CONCELLO DE MOECHE
(A CORUÑA)**

11.-Norma final.

Para o non previsto nas presentes bases estarase ó disposto nas “Bases xerais para a provisión de postos de traballo da oferta de emprego público de 2007 e 2008 do Concello de Moeche, que se publican xunto con esta convocatoria.

ANEXO I.-Temario

- 1.-A Constitución Española de 1978. Nocións xerais.
- 2.-Deberes e dereitos fundamentais dos españois.
- 3.-Organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas. As entidades locais.
- 4.-O municipio. Organización municipal. Competencias. O alcalde. O Pleno.
- 5.-O persoal ó servizo das administracións públicas. Deberes e dereitos.
- 6.-O Persoal laboral na administración local.
- 7.-Os servizos públicos municipais. As obras públicas.
- 8.-Seguridade e hixiene no traballo: riscos, medidas de protección individual e colectiva
- 9.-O municipio de Moeche. Parroquias. Límites xeográficos. Localización e denominación das principais vías de comunicación e instalacións municipais do Concello
- 10.-Os distintos servizos municipais do Concello de Moeche.